A poboación 3

1.- Elementos que empregamos para estudar a poboación.

A **poboación** é o conxunto de **persoas** que **viven** nun **determinado lugar** como un pobo, cidade, comunidade autónoma, país... Á ciencia que a estuda é a **demografía**.

Para o seu estudo podemos fixarnos en distintos aspectos:

① **A idade**: unha poboación pode ser **nova** (de 0 a 14 anos), **adulta** (dos 15 aos 65 anos) ou **anciá** (máis de 65).

② **O sexo**: pódense establecer estudos para **homes** e **mulleres**.

③ **O tipo de residencia**: hai dous grandes apartados, **urbana**, cando nos referimos ás cidades e **rural** cando vive en poboacións de menos de dez mil habitantes.

④ **O traballo**: distinguimos entre **poboación activa** e **non activa**, a activa está formada polas persoas que maiores de 16 anos e menores de 65 que buscan ou realizan algún traballo polo que reciben un salario. O resto constitúe a non activa, persoas xubiladas, estudantes ou persoas que non buscan ningún emprego.

⑤ **A densidade de poboación**: é o número de **habitantes** que hai **por quilómetro cadrado**.

2.- Factores que inflúen na poboación.

O número de habitantes dun determinado lugar está determinado por varios **factores** que podemos agrupar en **físicos** e **humanos**.

① **Físicos**: son aspectos como o **clima** ou o **relevo**, nas zonas con climas extremos a poboación é moi escasa mentres que nos lugares con climas máis suaves a poboación é maior. A **presenza de auga** abundante, **chans fértiles** e **flora** e **fauna ricas**...

② **Humanos**: temos **razóns históricas**, por exemplo de asentamentos dos antigos imperios como na desembocadura do Nilo ou lugares como Alexandría a cuxa universidade dirixíronse grandes científicos e científicas; **razóns políticas** como a creación de novos estados, cambios de fronteiras, conflitos bélicos...; **razóns económicas**, as poboacións tenden concentrarse alí onde a actividade económica é máis intensa e con máis e mellores postos de traballo...

Co descubrimento dos restos do apóstolo Santiago sobre o 820 estableceuse unha comunidade eclesiástica permanente para o coidado dos restos e logo fóronse asentando emigrantes procedentes das aldeas próximas.
Coas peregrinaxes foi collendo relevancia política (nela foron coroados reis do Reino de Galicia e do de León) ata que, no 997, Almanzor a destrúe respectando o sepulcro do apóstolo. Coa volta dos habitantes empezou a súa reconstrución e, no 1075, empezou a construción da actual catedral, arredor da cal formaríase a cidade tal e como hoxe a coñecemos.

3.- Os movementos migratorios.

Ao longo dos séculos a xente foi cambiando o seu lugar de residencia por distintos motivos, a posibilidade de caza ou de cultivo que tivese a zona, as condicións climatolóxicas ou laborais, epidemias, guerras e persecucións étnicas foron e son algúns dos motivos polos que levaron a moitísimas persoas deixar o seu lugar natal e asentarse noutro sitio.

A este tipo de movementos de poboación chamámoslle **movementos migratorios** ou simplemente **migracións**. As migracións poden ser de dous tipos: **inmigración** e **emigración**.

① **Inmigración**: é a chegada de persoas doutro lugar.

② **Emigración**: é a saída de persoas para vivir noutro lugar.

Cando as emigracións ocorren dentro dun determinado país dicimos que son **migracións internas**, por exemplo cando as persoas deixan o seu pobo e van a vivir á cidade na procura dunha mellor calidade de vida. Cando se realizan entre distintos países falamos de **migracións exteriores**.

4.- Crecemento natural e real.

O número de persoas que nacen nun lugar, ou natalidade, e o número de persoas que falecen, ou mortalidade inflúen directamente producindo cambios na poboación.

Á **diferencia** entre a **natalidade** e a **mortalidade** permítenos calcular o **crecemento natural** dunha poboación, cando hai máis nacementos que mortes (natalidade > mortalidade) temos un **crecemento natural positivo**, é dicir a poboación aumentará o seu número co paso do tempo. Pola contra, se a mortalidade é maior que a natalidade, o **crecemento natural** será **negativo** diminuíndo a poboación.

Crecemento natural = natalidade - mortalidade

Normalmente a natalidade é menor en países desenvolvidos mentres que a mortalidade é maior nos países menos desenvolvidos ao ser máis precarios o seu sistema sanitario e a súa alimentación.

Pero non só a natalidade e a mortalidade determinan a evolución no número de habitantes dunha zona, a **inmigración** e a **emigración** tamén deben de ser tidas en conta. O **crecemento real** ten en conta estes datos e para calculalo debemos de **sumar** ao **crecemento natural** as **inmigracións** e **restar** as **emigracións**.

Crecemento real = crecemento natural + inmigración - emigración

5.- Características da poboación galega.

Na nosa terra había, en 2016, **2 710 607** habitantes sendo a cuarta Comunidade máis poboada de España.



A súa poboación aumentou rapidamente durante o século XX ata o ano 1980, a partir do cal empezouse a producir un crecemento natural negativo cada vez máis grande. So no século XXI houbo un crecemento natural positivo coa chegada de inmigrantes ata o inicio da **crise** no ano **2008** a partir da cal este crecemento volveu a ser negativo, por exemplo dende o 2013 ao 2016 Galicia perdeu uns 50 000 habitantes.

Galicia presenta unha **densidade** de poboación de **92 habitantes por Km^2**, densidade moi parecida ao resto de España. Aínda que existe uns 30 000 pequenos núcleos espallados por todo o territorio (pobos e aldeas) isto non implica que a súa poboación se atope por igual en todo o territorio, máis ben, **a maior parte** da poboación está nas **provincias** de **Pontevedra** e **Coruña** e máis concretamente nas **zonas costeiras** ou próximas á costa destas provincias, especialmente nas cidades como Ferrol, Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo e os concellos limítrofes a elas

O **interior**, Lugo, Ourense e as zonas máis ao leste das provincias de Coruña e Pontevedra está **pouco poboado** agás as cidades de Ourense e Lugo e algunhas vilas como Monforte, Viveiro, O Carballiño ou Verín.

Cidade	Poboación (2013)
Vigo	296.479
A Coruña	245.923
Ourense	107.542
Lugo	98.761
Santiago de Compostela	96.041
Pontevedra	82.934
Ferrol	71.232

A maior parte dos galegos e galegas viven en **municipios de máis de 10 000 habitantes** e traballa na industria e no sector servizos. A poboación rural adícase fundamentalmente á agricultura.

6.- Os movementos migratorios en Galicia.

Debido as condicións de pobreza os galegos empezaron a buscar melloras na súa vida fóra da nosa terra, no **século XVIII** miles de galegos saían a traballar como **xornaleiros** a terras de **Andalucía**, **Castela** ou **Portugal**, logo, **a partir do 1860**, atraídos polas noticias de prosperidade dos **países americanos**, comenzou un fluxo de poboación cara Cuba, Arxentina e Brasil.

Nun principio emigraron a América os homes deixando aquí mulleres e fillos, calcúlase que entre o 1860 e o inicio da guerra civil española, no 1936, abandonaron Galicia medio millón de persoas. Coa **guerra civil** e os primeiros anos do franquismo **péchanse as fronteiras** e so os exiliados políticos saían clandestinamente para terras americanas.

Estes **exiliados políticos** terían moito que ver no aumento da actividade cultural e política neses países sobre Galicia, empézanse a crear institucións como o Padroado da Cultura Galega (México), o Instituto Arxentino da Cultura Galega ou o Consello de Galiza (Arxentina) que crean programas de radio en galego, publican libros e revistas como Galeuzka (1954, Bos Aires), Vieiros (1959, México) e Galiza emigrante.

Neste tempo desenvolvían a súa actividade en Arxentina personaxes como **Castelao**, **Blanco Amor**, **Luís Seoane** ou **Rafael Dieste** e séguese mantendo a revista **Nós** e **A Nosa Terra** creadas antes do franquismo.

A partir do **1950** volve a haber unha emigración cara Arxentina e a un novo destino, **Venezuela**. Foi neste ano cando saíu por primeira vez á antena o programa **Sempre en Galiza** que se segue emitindo na actualidade integramente en galego.



Xa no **1960**, debido a demanda de man de obra, a emigración galega empeza a dirixirse a **zonas industriais europeas** como o Reino Unido, Alemaña, Francia e Suíza así como ás principais **zonas industriais de España**: Euskadi, Cataluña e Madrid. Ao igual que acontecera en América empezaron a xurdir nestes países europeos e cidades españolas diversos **Centros Galegos** e Casas de Galicia que desenvolven na actualidade unha remarcada actividade cultural.

Coa **crise** do ano **2008** prodúcese un novo movemento migratorio,a falta de traballo e oportunidades fan que xoves con formación e traballadores e traballadoras cualificadas non teñan máis remedio que buscar mellores condicións de vida fóra de Galicia.

7.- A poboación española.

No ano 2016 a poboación de España era de **46 528 966 habitantes** aumentando a poboación en 88 867 persoas, feito que non ocorría dende o 2011.



España ten unha **densidade** de poboación de **92 habitantes por Km^2** e ocorre o mesmo que en Galicia, a poboación non se distribúe por igual en todo o territorio, a maior parte da poboación **concéntrase** en **Madrid**, as **zonas costeiras** e os **arquipélagos**. O interior, concretamente as zonas de montaña e as dúas submesetas, é o máis despoboado.

Ata principios do século XX (uns 20 millons de habitantes) a **natalidade** era **elevada** pero o crecemento natural era baixo debido a que a **mortalidade** era tamén moi **elevada** debido a epidemias, guerras e a elevada mortalidade infantil xerada pola mala nutrición e o gran número de infeccións que tiñan os bebés nos primeiros momentos da súa vida.

Coa **prosperidade económica** das **tres primeiras décadas do século XX** houbo un **aumento da natalidade** e **descenso da mortalidade** pero a emigración primeiramente,e a guerra civil e a posguerra despois, trouxeron un novo descenso ata o ano 1956 onde hai unha recuperación importante da natalidade e culminan as **emigracións do campo á cidade**.

A partir do 1995 España convértese nun país inmigratorio recibindo inmigrantes de América Latina, África e Asia.

Nestes últimos anos detectouse unha pequena redución no crecemento ao aumentar o número de emigrantes e descender o de inmigrantes pola crise económica.

Dentro da poboación activa unha de cada vinte persoas traballa no **sector primario**, sendo a agricultura, a silvicultura e a pesca (España conta cunha das flotas pesqueiras máis grandes do mundo) as principais actividades. As industrias españolas máis importantes son a **química**, a **téxtil**, a **alimentaria**, a relacionada co **automóbil** e a **construción**, aínda que esta última decaeu moito nos últimos anos coa crise económica. No sector dos **servizos** traballan dous de cada tres persoas, o **turismo**, a **sanidade** e a **educación** son os máis destacables.



JOSÉ MANUEL BOUZÁN MATANZA